

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión extraordinaria e urgente, en primeira convocatoria, o día dezaseis de decembro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión a secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García en substitución do vicesecretario accidental, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a ratificación da urxencia da convocatoria da sesión.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación de dous concertos de dona Ainhoa Arteta que se celebrarán os días 20 e 22 de decembro de 2024 e a apertura do procedemento de contratación, exp. ref. 2024-C005-000008.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

2. DEPORTES.- Acórdase a aprobación das bases xerais reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións ás asociacións deportivas e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido de deportes (Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais) e para a promoción e o fomento do deportes e actividade física no Concello de Lugo mediante tramitación anticipada de gasto, exercicio económico 2025.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.